

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1011K5	<i>Expediente</i> CON/42/2012	<i>Fecha</i> 26-09-16 09:22

Número 8 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á adxudicación do contrato de "Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e Servizo de Centro de Atención ao Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela".

Destinatario

15078DCMG1011K5K



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de setembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 8 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓNS (TELEFONÍA FIXA, TELEFONÍA MÓBIL, COMUNICACIÓNS DE DATOS E SERVIZOS ADICIONAIS) E SERVIZO DE CENTRO DE ATENCIÓN AO USUARIO (CAU) DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 19 de agosto de 2016, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade. Así mesmo, do informe do xefe de Informática de data 10.8.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de mobilidade e seguridade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 25/02/2016,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I1K5	CON/42/2012	26-09-16 09:22

Primeiro: Con data 5 de xullo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador UTE TELEFÓNICA MÓVILES SA- TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU.

Segundo: Con data 21 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da UTE **TELEFÓNICA MÓVILES SA- TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU**, por un importe de 239.213'18 euros (IVE aparte 21%: 50.234'77 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a instalación dun sistema de almacenamento (cabina de disco e biblioteca de copias de seguridade).

Designase como responsable do contrato a D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.

O gasto financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias **010 49100 22200 e 010 92001 22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

010 49100 22200

Anualidade 2016: 52.549,65 euros IVE incluído.

Anualidade 2017: 210.198,60 euros IVE incluído.

Anualidade 2018: 157.648,95 euros IVE incluído.

010 92001 22706

Anualidade 2016: 19.993,83 euros IVE incluído.

Anualidade 2017: 79.975,35 euros IVE incluído.

Anualidade 2018: 59.981,52 euros IVE incluído.

SEGUNDO: Dar traslado do contido de este acordo ás empresas **UTE TELEFÓNICA MÓVILES SA- TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU e R CABLE Y**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1011K5	<i>Expediente</i> CON/42/2012	<i>Fecha</i> 26-09-16 09:22

TELECOMUNICACIONES GALICIA SA, así como ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección 2ª para deixar constancia do cumprimento da sentenza recaída no recurso de apelación nº 446/2014 (PO 393/2013 do Xulgado Co-Ad. Nº1 de Santiago de Compostela).

TERCEIRO: Proceder a tramitación precisa para a liquidación do contrato coa empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da UTE **TELEFÓNICA MÓVILES SA- TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU,** por un importe de 239.213'18 euros (IVE aparte 21%: 50.234'77 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas. 360

Así mesmo, compromete a instalación dun sistema de almacenamento (cabina de disco e biblioteca de copias de seguridade).

Designase como responsable do contrato a D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.

O gasto financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias **010 49100 22200 e 010 92001 22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

010 49100 22200

Anualidade 2016: 52.549,65 euros IVE incluído.

Anualidade 2017: 210.198,60 euros IVE incluído.

Anualidade 2018: 157.648,95 euros IVE incluído.

010 92001 22706

Anualidade 2016: 19.993,83 euros IVE incluído.

Anualidade 2017: 79.975,35 euros IVE incluído.

Anualidade 2018: 59.981,52 euros IVE incluído.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1K5	<i>Expediente</i> CON/42/2012	<i>Fecha</i> 26-09-16 09:22

SEGUNDO: Dar traslado do contido deste acordo ás empresas *UTE TELEFÓNICA MÓVILES SA- TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU* e *R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA*, así como ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección 2ª para deixar constancia do cumprimento da sentenza recaída no recurso de apelación nº 446/2014 (PO 393/2013 do Xulgado Co-Ad. Nº1 de Santiago de Compostela).

TERCEIRO: Proceder a tramitación precisa para a liquidación do contrato coa empresa *R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA*.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**